



## AS NENAS E NENOS HOSPITALIZADOS LANZARON MILES DE BICOS DESDE O ÁLVARO CUNQUEIRO

- *Os pequenos, acompañados polas súas familias e os profesionais que os atenden, conmemoraron o Día da Infancia e Adolescencia hospitalizada [https://youtu.be/\\_aySEMBswU](https://youtu.be/_aySEMBswU)*
- *Tamén desfrutaron cunha exposición de xoguetes antigos, coa lectura das cartas dos nenos do CPR Sagrado Corazón, e coas visitas do Mago Cali e de Spiderman*
- *O pasado ano, un total de 4.200 nenos e nenas estiveron ingresados no hospital Álvaro Cunqueiro*

**Vigo, 15 de maio de 2023.** A Unidade de Hospitalización pediátrica do Hospital Álvaro Cunqueiro celebrou unha festa para conmemorar o Día da Infancia e a Adolescencia Hospitalizada.



Así, ao ritmo da canción “Un Mar de Besos” do grupo Bombay, os nenos, as súas familias, o persoal sanitario e o equipo docente da Aula Hospitalaria, participaron nesta homenaxe lanzando bicos en honor a todos aqueles que están ou estiveron algunha vez hospitalizados.

O programa festivo contou con varias actividades, como unha exposición de xoguetes antigos e unha charla sobre os *Xoguetes na historia*, a cargo Juan Manuel Alfaya. Tamén puideron desfrutar dunha sesión de maxia impartida polo Mago Cali; e a Asociación Asanog sorprendeulles coa visita de Spiderman.



Ademais, léronse as cartas que os alumnos de 2º curso do *CPC Sagrado Corazón* de Pontevedra enviaron aos nosos nenos hospitalizados.

O pasado ano un total de 4200 nenos e nenas estiveron ingresados no hospital Álvaro Cunqueiro.